

## **Emendas políticas**

### **Ditame da Coordinadora Nacional ( 11 de maio de 2013 )**

#### **EMENDA Nº3 VIVA CLAUDIO QUINTILLÁN**

##### **Ringleira 13.Engádega**

Anova-Irmandade Nacionalista, non pode ser un proxecto máis que repita un modelo caduco como organización política.

Debe de estar asentada na realidade do País onde por desgraza ata o de agora, tódalas forzas políticas careceron do suficiente coñecemento das circunstancias que se dan en cada localidade e comarcas, en canto a entender o que alí acontece e ofrecer verdadeiras alternativas non só políticas nas eleccións, senón que hai que amosando medidas cedíbeis, saber como efectivizalas e quen fagan efecto multiplicador.

Para elo, anova debe de estar sintonizada ademais, co que acontece no mundo, non ser ombligo de nada, dispor da información das necesidades mundiais, dos conflitos, dos mercados,...

Anova debe de traballar na procura de ser abandeirada nun País con capacidade creativa, autosuficiente e competitivo no exterior.

Resultan as veces moi vistosas a nivel interno na organización, toda a filosofía definatoria do que somos, a ideoloxía, os matices, as sensibilidades, e xeneráanse amplos debates, o cal debe de afortalar o proxecto, pero tamén é certo, que en paralelo non se aborda coa urxencia que require, a exposición de proxectos transformadores, o fomento do cooperativismo, .....

Perder o tempo xusto nos debates internos, e adicar todo o esforzo a presentar propostas e alternativas para recuperar este País, xenerar como algo tremendamente positivo o sentimento de orgullo de galegos e galegas, sen imposicións de ninguén.

**REXEITADA: Xa está recollido de xeito máis sintético nas teses. Está todo xa recollido no texto e non se debe definir en negativo.**

#### **EMENDA Nº8 VIVA RAFA SISTO**

##### **Liña 30. Engádega**

ANOVA manifesta a súa vontade de manter ese consenso constituínte, plasmado nos Principios Fundacionais, que permitiu que persoas de diversas orixes políticas confluísemos nunha única organización nacionalista e de esquerda, incluínte e superadora de vellos modos de facer política, horizontal, igualitaria e aberta á participación da sociedade.

Somos conscientes do esforzo realizado nesta confluencia, do aporte plural e diverso realizado, e a aparición por decantación dun novo xeito de participar colectivamente, unha militancia compartida superadora das procedencias orixinarias que debemos potenciar.

Entendemos que ese é o camiño no horizonte dunha única militancia integradora a partires da non necesidade asumida libre e voluntariamente por todas as persoas que somos ANOVA.

Para iso é preciso que todo o que acordemos sexa contemplado na perspectiva dese horizonte estratéxico esencial. Así pois, que todos os métodos e sistemas de participación promovan e fomenten a participación individual, facendo innecesaria a pulsión de pertenza ou conformación de colectivos que no sexan a propia ANOVA.

Os métodos de designación de persoas para cometidos no seo da organización ou para o desempeño da cargos públicos deberán estar baseados no principio básico do sufraxio universal do

ámbito que se trate -nacional ou local-, no que todas as persoas con ese dereito poidan decidir sobre todas as persoas postuladas e que os votos de todas e todos valan igual.

Este principio xa está recollido no Artigo 11. dos Principios organizativos e Estatutos: *A elección de toda caste de representantes dentro da organización será, de non existir asentimento, aberta á presentación de calquera militante e cun sistema proporcional puro ou mediante listas abertas. Toda persoa afiliada que estea ao día nos seus deberes como tal ten dereito a apresetar a súa candidatura e a participar nas votacións.*

Mais no artigo 12 e so para a Asemblea Constituínte optouse polas listas abertas como xeito de forzármolos ao consenso.

Este consenso foi eficaz pero aínda que resultou case unha coordinadora de voluntarios, non impediu que algunhas persoas que se postularon individualmente resultaran excluídas malia teren un número significativo de votos.

Por esta razón e porque estamos na obriga de elixir de novo entre as dúas opcións estatutarias, compre reflexionar se estamos xa nunha situación diferente, máis madura, do proceso de construción de Anova. Se así o pensamos sería o momento de optar por seguir mantendo o propósito de consenso como opción preferente pero atrevéndonos a abrir realmente a Coordinadora Nacional á persoas que polas razóns que sexan non se senten recoñecidas no mesmo.

A opción máis aberta, sen precedentes en ningunha organización política é sen dúbida a opción das listas proporcionais coa posibilidade pre presentarse individualmente. Como exemplo, cos números da Asemblea Constituínte calquera das persoas que se presentaron individualmente resultarían elixidas con so obteren 10 votos.

Esta a esta altura cando xa existe un curto pero intenso e exitoso percorrido en común contribuiría a que o eventual consenso por amplo que fose non resultase excluínste para ninguén e dese xeito, se unha persoa sabe que pode ser elixida con 10 ou 12 votos contribuirá a que como dicíamos ao principio se faga innecesaria a pulsión de pertenza ou conformación de colectivos que no sexan a propia ANOVA.

### **TRANSACCIONADA ( común para as emendas 8, 59,61 e 62 ) propónse como engádega despois da liña 30:**

Somos conscientes do esforzo realizado nesta confluencia, do aporte plural e diverso realizado, e a aparición por decantación dun novo xeito de participar colectivamente, no horizonte dunha única militancia integradora a partires da non necesidade de dupla militancia asumida libre e voluntariamente por todas as persoas que somos ANOVA.

Nese horizonte estratéxico esencial, todas as formas de participación promoverán a participación individual, facendo innecesaria a pulsión de pertenza ou conformación de colectivos que non sexan a propia ANOVA.

Os métodos de designación de persoas para cometidos no seo da organización ou para o desempeño da cargos públicos estarán baseados no principio democrático do sufraxio universal do ámbito que se trate -nacional ou local-, no que todas as persoas poidan decidir sobre todas as persoas postuladas e que os votos de todas vallan igual.

Tamén, é preciso priorizar a formación da afiliación, a adquisición dunha linguaxe común para non caer nas prácticas da vella política que reproduce no seu interior a división do traballo entre os que saben, deciden e mandan e os que non saben, obedecen e traballan.

Mais se aspiramos a ser unha organización política para a maioría social e integrar un continxente cada vez máis numeroso de cidadáns e cidadás temos que poñer igual interese en vacinar Anova contra **a cultura da aristocracia da militancia**. Se falamos de traballo voluntario como soporte fundamental da capacidade de Anova todas as achegas son valiosas independentemente do que cada quen poida aportar.

## VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA

### Linha 45 Engàdega

**Descrición:** Engadir a seguir da liña 45 como parágrafo novo.

**Texto.** Anova, consciente desta realidade, concíbese máis coma unha ferramenta -ou unha ponte- entre a esquerda social e a esquerda institucional. Isto é, Anova pénsase máis coma un medio ca un fin en si mesmo para que o verdadeiro músculo da esquerda galega, a sociedade civil organizada e activa do país, canalice nas institucións -se o estima útil- as súas propostas.

## VIVA UMIA

**Linha 65. Sustitución :** Cambiar "petróleo" por combustíbeis fósiles.

**REXEITADAS: por seren citas dos textos da ANC, que non poden modificarse.**

## EMENDA Nº17 VIVA RAFA SISTO

### Linha 72 Engàdega

Que a estratexia empregada para impoñer o control político que lles permite definir as teorías económicas mais acordes co plan de dominio absoluto da economía mundial, iniciouse fai mais de 20 anos, neste país, coa transición, na que se impuxeron límites a unha democracia real, coincidindo logo coa “construción” da UE fundamentada nos mercados, sendo de destacar: as seguintes

“Aberracións” económicas e políticas:	Solución o caso
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Liberación da circulación de capitais (paraísos fiscais)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Control eficaz polas autoridades económicas e o banco Central.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Desmantelamento da banca pública (Privatización)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Recuperación de Servizos financeiros públicos “sen ánimo de lucro”.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Control privado dos bancos de emisión (Control da inflación, do tipo de xuros, da emisión de diñeiro, por mor dunha nefasta “independencia política”).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ A emisión do diñeiro, tense que facer controlada polas autoridades políticas, para cubrir as necesidades financeiras da sociedade, partindo dunha definición do diñeiro na se se lle asine un valor subordinado a valor real dos servizos e mercadorías que sexan motivo de transicións.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Desnaturalización das Bolsas de Valores Bursátiles (A través das que se fomenta a especulación, de forma allea a economía real)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Recueprar a función organizadora das bolsas de inversión produtiva, impedindo especulacións baseadas en enxeñería especulativa non produtiva.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Derogación de normas contra a USURA.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Poñer límites aos beneficios financeiros (mais ben abolir o cobro de xuros, ligados a prazos) mais ben aplicar un IVA en función do marxe comercial aplicado.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Conspiración para dismantelar as entidades Financeiras definidas con obxectivos éticos (en teoría) para “recuperar” o seu mercado e usurpar patrimonios de carácter público. (Caixas: corrupción dos seus Órganos de Goberno, transgredindo as normas electorais, relaxando os controis e inspeccións de organismos oficiais, ante operacións ilexítimas, non permitidas: expansión, operacións Bursátiles, como as preferentes, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Crear unha lexislación proclive a creación de entidades éticas, sen ánimo de lucro, coma as Caixas de Aforro Populares, nas que se garante un sistema democrático de elección dos seus Órganos de Goberno, e sometidas o control estrito. Prohibindo operacións especulativas e de crédito para para xogos de risco.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Creación entidades privadas, impondo o sometemento as mesmas das políticas estatais, para a valoración e análises de balances, patrimonios e contas, que faciliten o máximo beneficio nas operacións Bursátiles da banca privada coas facendas públicas, chegando a prohibir operacións de financiamento dos estados directamente cos bancos de emisión</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Desaparición das entidades auditoras privadas, salvo as organizadas sin ánimo de lucro por entidades de carácter social. As súas actuacións terán o carácter de “consultivas”, nunca resolutivas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Control de las tecnoloxías, do I+D+I, para melloras na produción, postas exclusivamente o servizo dos financeiros, controladas para mellorar a ganancia económica directa, e prescindindo da súa repercusión sobre o medio ambiente e sociedade no seu conxunto, prexudicando aos traballadores, recortando postos de traballo en lugar de reducir a duración das xornadas, nin supoñendo ningún beneficio directo. (Por exemplo, os incrementos nos ingresos orixinados pola produtividade ou melloras na calidade dos produtos, debería tributar ao fondo de pensións públicas).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ As tecnoloxías ou novos métodos de produción, que impliquen un incremento na produtividade, deberá repercutirse sobre a redución da xornada laboral, antes que traducirse en despido de traballadores, que sempre terán que estar plenamente xustificadas. Cambiar o sistema de cotizacións a SS polas empresas, tomando como base o total do custe da produción, non só do custe laboral.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Privatización de Servizos Públicos, das Pensións da Previsión social, e de calquera actividade susceptible de ser explotada comercialmente, priorizando o beneficio de “inversor” sobre a eficacia e benestar social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Prohibir calquera intento de privatización dos servizos esenciais, como Educación, Saude, Previsión Social (Pensións), Finanzas, Enerxía, Comunicacions,...</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Mantemento de un sistema de impostos directos e indirectos mais beneficioso para os que mais teñen, amparados pola “liberdade” de circulación de capitais, rompendo o necesario equilibrio entre rendas do traballo persoal, e as rendas pola inversión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Trocar o sistema impositivo, de forma que pague mais porcentaxe quen mais gaña, calquera que sexa o afectado, persoa física ou xurídica. No IVA, crear unha escala según sexa o marxe comercial aplicado, de forma que o máximo sexa para os maiores incrementos, os beneficios por debaixo do 6% que estén exentos do pago.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Control absoluto sobre a emisión dos cartos por parte dos financeiros privados, empeñados en evitar a inflación que en boas practicas económicas se deriva das operacións financeiras especulativas (non produtivas)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Control, SI, pero polo poder político elixido democraticamente e sometido a control da cidadanía. Debese emitir en razón das necesidades reais dos gobernos para cubrir os seus presupostos, aínda que supoña inflación, que implicará a actualización automática do valor dos salarios e prestacións, nun xusta revalorización baseada no valor real das cousas e servizos, en relación o volume de diñeiro en circulación.</li> </ul>

Respecto o último paragrafo, referente a Inflación, e preciso ter en conta que a mesma, en contra o que se dí, favorece aos asalariados e aos que teñan bens reais, entrando así non período no que os agoniados polo pago das hipotecas e préstamos, verían aliviada a súa situación.

Tradicionalmente, sempre se tivo como evidente que o importante son as cousas, cuxo valor e determinante, e os cartos un medio para conseguilas e intercambiar bens e servizos. Agora e o revés, son os bens e servizos os que dependen do valor que lle queiran aplicar aos cartos, cando estes, en se mesmos, non teñen valor algún. Iso xustifica a aplicación do IPC a os salarios, aínda que supoña inflación, que se corrixe equilibrando prezos e salarios.

O volume dos cartos en circulación debe de corresponderse co volume do patrimonio de bens e servizos dispoñibles. Si a produción incrementa ese patrimonio, pois loxicamente e preciso incrementar o diñeiro dispoñible, para evitar unha “revalorización do diñeiro”, ou o que o mesmo, unha caída dos prezos. Pero si ademais o control dos prezos faise dende una perspectiva “financeira”, non se permitirá esa caída para incrementar o “porcentaxe” de beneficio, sobre un custe menor... E iso repercute directamente sobre os salarios e outras rendas do traballo (estamos a ver o que está pasando, neste intre) que un elemento indispensable (a súa xusteza), para manter unha economía viable, dende una perspectiva economicista.

**REXEITADA: material propio para unha conferencia sectorial ou para desenvolvemento programático non para o corpo da tese política.**

## **EMENDA N°22 VIVA PEPE ARIAS**

### **LIÑA 78 SUPRESIÓN**

Sustituir “ no socialismo” por “na tradición plural da esquerda”.

**TRANSACIONADA: substitúese “socialismo” por “socialismo republicano”.**

## **EMENDA Nº25 VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA**

### **Linha 78 -82. Substitución.**

**Texto:** Anova é a organización plural que incorpora as diferentes culturas e tradicións da esquerda clásica, as novas contribucións á loita política e social e todas as identidades forxadas na rica experiencia das loitas de emancipación sectoriais. Anova é plural, diversa e inclusiva. Anova reconécese na tradición política e cultural dunha esquerda inclusiva na que teñen cabida as clásicas culturas da esquerda e tamén as lecturas realizadas á luz do ecoloxismo, o feminismo, o anticonsumismo e o antiautoritarismo. Ao mesmo tempo, afirmamos que Galicia é o noso ámbito de referencia, porque cremos na capacidade de autoorganización ao tempo que acreditamos na cooperación entre os pobos e as persoas do mundo.

**REXEITADA**

## **EMENDA Nº27 VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA**

Liña 82 . Engádega

**Descrición:** Da mesma maneira que Anova se constrúe a partir de tradicións e culturas políticas de esquerda diversas, tamén incorpora diferentes tradicións culturais e políticas do nacionalismo e o soberanismo.

**Texto:** Anova incorpora tamén unha pluralidade de culturas e tradicións nacionalistas. O noso nacionalismo non é esencialista, está sometido a un suxeito colectivo con dereito a decidir: o Pobo Galego, conformado por todos e cada un dos individuos das clases subalternas. A nación e a identidade son construcións colectivas dinámicas. Non acreditamos nunha nación e unha identidade inmutables, superiores, independentes ao pobo que as constrúe, á marxe da vontade e da acción colectivas. A conquista da soberanía esixe unha hexemonía cuxo protagonista terá que ser un suxeito colectivo representativo da maioría social agredida. E non todos os individuos que o vaian conformando terán necesariamente que se adscribir a unha cultura política de tradición nacionalista. A soberanía conquístase cun suxeito expansivo que rompa vellas fronteiras política.

**REXEITADA**

## **EMENDA Nº28 VIVA PEPE ARIAS**

**LIÑA 83 Supresión** Sustituir “do socialismo democrático” por “da esquerda plural”.

**REXEITADA**

## **EMENDA Nº30 VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA**

**Liña 83-86. Substitución**

**Descrición:** Proponse que o obxectivo político sexa non o socialismo democrático, que restrinxe radicalmente as posibilidades emancipatorias e as referencias políticas plurais e diversas que deron orixe a Anova, senón unha sociedade sen clases e, por tanto, sen explotación de ningún tipo. Asemade, destácanse outros aspectos materiais do sistema capitalista.

**Texto:** Anova-IN traballa é unha organización nacionalista e de esquerda cuxo obxectivo é a construción dunha sociedade sen clases en Galicia e no mundo, consciente como é de que o sistema capitalista é en si mesmo a negación da liberdade, a explotación dos seres humanos e das nacións subalternas e un perigo para a supervivencia da biosfera e do propio planeta.

**TRANSACIONADA: substitúese “socialismo” por “socialismo republicano”.**

## **EMENDA Nº34 VIVA VIVA RAFA SISTO**

**líña 84. Supresión** da palabra “democrático”.

**REXEITADA: Hai unha transacción que substitúe “socialismo” por “socialismo republicano” na mesma líña.**

## **EMENDA Nº40 VIVA FRAN SOBRAL**

**líña 86. Engádega**

**Descrición:** Implantar o Movemento do Ben Común en Anova.

**Texto:**

Vivimos nun Capitalismo Feudal. Agora e aquí en Galiza, repetindo a Historia da Galiza do sec. XI e do sec. XV, é manifesta outra loita, a loita iniciada polos Novos Irmandiños en contra deste Capitalismo Feudal. Vivimos nunha Nova Idade Media (NEM) e a Historia deu a volta enteira sobre si mesma, regresando a un período pre-humanista, pre-dereitos do home, onde los factores que rexían/rexen as vidas dos homes eran/son o medo, o escurantismo, a submisión e a vasalaxe.

O concepto dun “socialismo de valores” sen os nominalismos do pasado e recuperando todas as dinámicas integradoras das ideoloxías do pasado, resume o que é a filosofía económica do Movemento do Ben Común. É dicir, que toda actividade económica, social e laboral revertan no ben común e respecte a dignidade do ser humano.

O Movemento polo Ben Común que iniciamos e promovemos, concorda que a loita a prol das maiorías sociais agredidas polo actual sistema Capitalista Feudal precisa de novas Leis, linguaxe, e formas organizativas, nun proceso dialéctico innovador e continuador da tradición política e cultural dunha esquerda inclusiva, na que teñan cabida non só as clásicas culturas e ideoloxías da esquerda senón tamén as lecturas realizadas á luz do ecoloxismo, o feminismo, o anticonsumismo e o antiautoritarismo”.

Xa non se trata de competir para gañar máis, senón de estar ao servizo da cooperación, en lugar da competencia. Isto supón un cambio mental que afecta a todas as ordes da nosa sociedade. Un cambio de paradigma que é difícil de aplicar tal e como está hoxe o mercado financeiro actual trala imposición e dominancia do monetarismo neoliberal.

O Movemento do ben común, non é nin o mellor dos modelos económicos nin o final dunha historia, só o paso seguinte cara a un futuro máis sustentable, xusto e democrático. Trátase dun movemento participativo, de desenvolvemento aberto que busca sinerxía en procesos similares como: economía solidaria, economía social, movemento de bens comúns, economía do postcrecemento ou democracia económica. Xuntando os seus esforzos, unha gran cantidade de persoas e actores son capaces de crear algo fundamentalmente novo. A implementación da visión require motivación intrínseca e autorresponsabilidade, incentivos económicos, unha orde política-legal coherente, así como concienciación. Toda a cidadanía: persoas, empresas e comunidades, están convidadas a participar na reconstrución dunha economía cara ao ben común.

**Co fin de comprender este Movemento do Ben Común sinalamos:**

20 puntos centrais da Economía do Ben Común:

1. A economía do ben común baséase nos mesmos valores que fan florecer as nosas relacións: A Dignidade: respecto, confianza, cooperación, aprecio, democracia, solidariedade. Segundo recentes investigacións científicas conseguir boas relacións é a maior fonte de motivación e felicidade dos seres humanos.

2. O marco legal económico experimenta un xiro radical, cambiando as regras do xogo de afán de lucro e competencia por cooperación e contribución ao ben común: Empresas que practican a cooperación serán recompensados. En cambio, o comportamento competitivo leva desvantaxes.

3. O éxito económico non é medido por indicadores monetarios como o beneficio financeiro ou o BIP, senón co Balance do Ben Común (a nivel de empresas) e o Produto do Ben Común (a nivel de sistema). O balance do ben común convértese no balance principal de todas as empresas. Canto máis social, ecolóxica, democrática e solidaria sexa a actividade, mellores serán os resultados do balance do ben común alcanzados. Mellorando os resultados do balance do ben común das empresas nunha economía nacional, mellorará o produto do ben común. Na achega práctica (praxe) o Balance do Ben Común, a diferenza do tradicional ou financeiro, a partir do instrumento: “matriz do ben común”, mide como unha empresa responde ás necesidades básicas dunha sociedade:

dignidade humana

solidariedade

sustentabilidade

xustiza social

democracia na toma de decisións

Así, o beneficio financeiro, antes o fin da actividade empresarial, convértese agora nun medio do novo fin: o ben común.

Compre logo establecer a coherencia entre os valores que xa compartimos e as Regras do Xogo para a ECONOMÍA.

O produto que se manufactura ten sentido?

Prodúcese de forma ecolóxica?

Como son as condicións de traballo?

Como se reparten os ingresos?

Os salarios de homes e mulleres son os mesmos?

Como se toman as decisións?

O balance do ben común mide rendementos sociais, ecolóxicos, democráticos e de xustiza distributiva voluntarios.

4. As empresas con bos balances do ben común gozarán de vantaxes legais: taxas de impostos reducidas, aranceis vantaxosos, créditos baratos, privilexios en compra pública e á hora de repartición de programas de investigación, etc. A entrada no mercado verase, por tanto, máis favorecida para actores éticos e os seus produtos e servizos, que os do non-éticos, indecentes e non ecolóxicos.

5. O balance financeiro será o balance secundario. O beneficio financeiro pasa de ser fin a ser medio. Este serve só para aumentar o “novo” fin empresarial: Achega ao ben común. Os excedentes do balance financeiro deberán utilizarse para: investimentos con plusvalía social e ecolóxica, devolución de créditos, depósitos en reservas limitadas, bonificación aos empregados de forma restrinxida, así como créditos sen intereses a empresas cooperadoras. Non se utilizarán os excedentes para bonificar a persoas que non traballan na empresa, adquisición hostil doutras empresas, investimento en mercados financeiros (estes deixarán de existir), ou achegas a partidos políticos. En contrapartida, o imposto sobre o beneficio empresarial será eliminado.

6. Como o beneficio financeiro é agora un medio, e deixa de ser un fin, as empresas poden esforzarse cara ao seu tamaño óptimo. Non teñen que temer ser adquiridas, ou sentirse obrigadas a crecer para ser máis grandes, máis fortes ou con maiores beneficios. Todas as empresas están liberadas da coerción de crecer e tragar.

7. Existindo a posibilidade de aspirar sen medo ao tamaño óptimo, haberá moitas empresas

pequenas en todas as ramas. Como non teñen que crecer máis, seralles máis fácil cooperar e practicar a solidariedade. Pódense axudar mutuamente con coñecementos, tecnoloxía, encargos, persoal ou créditos sen interese. Serán recompensadas con resultados do balance do ben común positivos. As empresas van formando unha rede de aprendizaxe solidaria, a economía transfórmase nun sistema win-win.

8. As diferenzas de ingresos e patrimonios serán limitadas: Ingresos máximos de por exemplo 20 veces o salario mínimo. Propiedades que non excederán p. ex. os 10 millóns de euros, o dereito de cesión e herdanza, 500.000 euros por persoa, en empresas familiares a 10 millóns de euros por fillo. O excedente sobre estes límites serán repartidos a través dun “fondo de xeracións” como “Dote democrático” ás seguintes xeracións: igualdade de capital inicial significa maior igualdade de oportunidades. (As marxes exactas deberán ser definidos democraticamente nunha asemblea económica.)

9. En grandes empresas a partir dun elevado numero de empregados (por exemplo, máis de 250) os dereitos de decisión e propiedade pasan parcial e progresivamente aos empregados e cidadáns. A cidadanía poderá ser representada directamente a través dun “parlamento económico”. O goberno non posúe dereito decisorio ou de intervención en empresas publicas.

10. Isto é igualmente válido para os bens democráticos, a terceira categoría de propiedade, xunto a unha maioría de pequenos e medianos empresarios e grandes empresas de propiedade mixta. Por bens democráticos entendemos institucións económicas públicas en campos de ensino, saúde, acción social, mobilidade, enerxía, ou comunicación: a infraestrutura básica.

11. Un ben democrático importante é o banco democrático. Este serve, como todas as empresas, ao ben común e, como todos eles, controlado pola cidadanía soberana e non polo goberno. Os seus servizos consisten en depósitos de aforro garantidos, contas correntes gratuítas, créditos de interese reducido e créditos de risco con plusvalía social e ecolóxica. O Estado finánciase primordialmente a través de créditos sen interese do Banco Central. O Banco Central obtén o dereito exclusivo da creación de diñeiro e efectúa as transaccións de capitais internacionais para impedir evasión fiscal. Os mercados financeiros na forma actual deixan de existir.

12. Seguindo a proposta de John Maynard Keynes do 1944, establécese unha cooperación monetaria global a base dunha unidade de calculación (p. ex. “globo”, “terra”) para o comercio internacional. A nivel local, moedas rexionais poden complementar a moeda nacional. Para protexerse da competencia inxusta, a UE inicia unha zona de comercio xusto (Zona do Ben Común) con estándares harmonizados ou con tarifas aduaneiras correlacionadas co resultado da BBC da empresa produtora. A longo prazo, a meta é unha Zona do Ben Común na ONU.

13. Á natureza concédeselle por lei un valor propio, polo cal non pode transformarse en propiedade privada. Quen necesite un pedazo de terra para vivir, agricultura ou comercio, cédeselle unha superficie limitada de forma gratuíta ou pagando unha taxa de utilización. O uso da terra está condicionado a criterios ecolóxicos e ao uso concreto. Isto será o final da especulación inmobiliaria, o “landgrabbing” (apropiación de grandes superficies por multinacionais ou outros países) e o latifundismo. En contrapartida, anúlase o imposto sobre o terreo.

14. O crecemento económico deixa de ser un fin. Un novo obxectivo será a redución da pegada ecolóxica de persoas privadas, empresas e nacións, cara a un nivel globalmente sustentable e xusto. O imperativo categórico de Kant será estendido á dimensión ecolóxica. A nosa liberdade de elixir un estilo de vida determinado atopa o seu fin cando limita a liberdade doutros de elixir o mesmo estilo de vida ou polo menos levar und vida en dignidade. Persoas privadas e empresas serán incentivadas para medir a súa pegada ecolóxica e reducila a un nivel globalmente sustentable e xusto.

15. O horario de traballo retribuído verase reducido escalonadamente cara á marca, desexada por maioría de 30 a 33 horas semanais. Deste xeito queda tempo libre para outro tres campos de traballo de gran importancia: traballo de relacións e coidados (nenos, enfermos, anciáns), traballo de crecemento persoal (desenvolvemento da personalidade, arte, xardín, lecer), traballo na política

e actividades públicas. Como consecuencia desta repartición máis equilibrado entre as distintas actividades, o estilo de vida farase máis suficiente, menos consumidor, e máis sustentable.

16. Cada décimo ano na profesión é un “ano sabático” que será financiado a través dun salario mínimo incondicional. As persoas poden facer neste tempo o que queiran. Esta medida descarga o mercado de traballo nun dez por cento da taxa de desemprego na Unión Europea.

17. A democracia representativa será completada pola democracia directa e a democracia participativa. A cidadanía soberana debería poder controlar e corrixir a súa representación, decretar leis por se mesma, modificar a constitución e poder controlar as infraestruturas de abastecemento: ferrocarril, enerxía, auga, correos, bancos. Nunha democracia real son idénticos os intereses dos representantes e os da cidadanía soberana. Requisitos necesarios dunha democracia real, son os dereitos constitucionais de co-lexislar e de controlar estes intereses por parte da cidadanía soberana.

18. Todos os puntos angulares deberán madurarse a través de discusións intensas nun amplo proceso de bases, antes de que se convertan en leis elaboradas por unha asemblea económica directamente elixida; o seu resultado votárase democraticamente pola cidadanía soberana. O que sexa aceptado, introducirase na constitución e só poderá volveuse a cambiar co respaldo da cidadanía soberana. Á parte da asemblea económica do ben común pode haber outras convencións para profundar a democracia: asemblea para a educación, asemblea para os medios de comunicación ou unha asemblea para o desenvolvemento da democracia.

19. Para afianzar nos nenos os valores da economía do ben común e podelos practicar, o sistema de educación deberá estar orientado igualmente cara ao ben común. Isto require outra forma de ensino e outros contidos, por exemplo: emocionoloxía, ética, comunicación, educación democrática, experiencia da natureza e sensibilización corporal.

20. Debido a que na economía do ben común, o éxito empresarial posúe un significado moi diferente ao que actualmente recibe, demándanse outras competencias de xestión. As empresas xa non buscan aos xerentes máis duros e executivos da “eficiencia cuantitativa”, senón aos máis responsables e socialmente competentes, os máis empáticos e sensibles que consideran a codeterminación como unha oportunidade e un beneficio para todos.

**REXEITADA**

### **EMENDA N°46 VIVA IOLANDA**

**Linha 95. Engádega.**

Democracia participativa + “ e paritaria”

**REXEITADA**

### **EMENDA N°47 VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA**

**Linha 99. Engádega**

**Texto:** Somos nacionalistas na medida en que cremos que o Pobo Galego é suxeito político, que a súa capacidade de decisión é a única garantía de supervivencia e desenvolvemento. Somos nacionalistas porque facemos nosa unha tradición política e cultural extraordinariamente plural, á que non temos por que renunciar. O noso nacionalismo non é monolítico. Da mesma maneira que Anova incorpora toda unha diversidade de tradicións de esquerda, así o nacionalismo que defina a esta organización terá que incorporar diversidade de tradicións e experiencias nacionalistas e terá que abrirse a novas formas de observar o feito nacional e de actuar no marco que proporciona. En calquera caso, a clave é sempre o compromiso de facer que o Pobo Galego se constitúa como suxeito de emancipación. O recoñecemento do Pobo Galego como suxeito político en plenitude de dereitos, incluído, obviamente, o dereito non restrinxido a decidir, é o principal sinal de identidade do noso nacionalismo. A única fronteira que estamos dispostos a non romper. Hoxe sería absurdo concibir o nacionalismo coma un couto pechado, coma unha ideoloxía que ofrece unha

cosmovisión inalterable Nese sentido, o labor que o nacionalismo galego organizado arredor de Anova ten por diante é tan complexo como interesante: difundir a idea de que a mellor opción para mellorar as nosas condicións de vida pasa por facérmonos protagonistas e responsables das nosas cousas. A soberanía, nese sentido, entendida como a capacidade de decisión do Pobo Galego articulado como suxeito político é un medio, non un fin en si mesma.

**REXEITADA: Xa recollido máis sucinta e suficientemente nas liñas 91-93.**

## **EMENDA Nº54 VIVA IOLANDA E RAFA SISTO**

**Linha 103. Engádega.**

Democracia participativa + “ e paritaria”

**REXEITADA: xa explicado nunha emenda semellante previa. Na democracia “paritaria” con máis mulleres que homes na Galiza deixaríamos a parte destas sen votar para que for 50-50?!**

## **EMENDAS Nº56**

### **VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA**

**Liña 109 incluir**

Incluir entre as liñas 109 e 110 ou a continuación na liña 109 o seguinte parágrafo .De aí que en Anova os principios de participación, transparencia e fraternidade sexan cruciais. Participación, na toma de decisións colectiva e horizontal. Transparencia, para que a información flúa de abaixo cara arriba e de arriba cara abaixo coa mesma velocidade, pois a información non é outra cousa que poder. Fraternidade, para que a ética e a boa fe sexan un piar fundamental nos comportamentos da militancia de anova.

**REXEITADA: xa recollido noutras partes do texto e, xa que logo, vai contra o formato sucinto das teses.**

### **EMENDA Nº58 VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA**

**Descrición:** Engadir xusto detrás de “Para que nos organizamos?”

**Texto:** Para sermos suxeitos dunha democracia viva, directa e participativa, actores comprometidos nos asuntos da res publica, traballadores/as en rede plural e diversa das organizacións e movementos que laboran en toda a parte por un mundo e unha sociedade máis xustos e mellores, galegos e galegas que queremos vivir nunha Terra definitivamente libre, soberana, próspera e en paz.

**REXEITADA: xa que se glosa o da ANC despois do “Para que nos organizamos?”.**

### **EMENDA Nº60 VIVA ANTON FENTE**

**linha 121 engadir** a continuación num novo parágrafo: "Anova nace da confluencia de diversos continxentes de cidadáns con vocación de crear un instrumento para liberación nacional e social da Galiza e para iso debemos ir para unha militancia única, que se referendará na nosa II AN. Por todo isto, é esencial que todo o que acordemos leve en consideración a necesidade dun amplo consenso para atinxir os nosos horizontes estratéxicos e reforzarmos unha organización con menos dun ano de vida, a pesar do seu suceso. Finalmente, é imprescindible que os métodos e sistemas de participación promovan a participación individual fomentando por diversas vías que sexa innecesario a pertenza ou conformación de colectivos que non sexan a propia Anova-Irmandade Nacionalista."Amais, Anova-Irmandade Nacionalista impulsará un grupo de formación da militancia a nivel nacional que poderá complementarse con grupos locais para fomentar a

formación continua da militancia e posibilitar que toda a súa militancia poda asumir calquera función orgánica".

**REXEITADA: Asumida na transacción as emendas 8, 59,61 e 62**

## **EMENDA Nº61 VIVA REDONDELA**

### **liña 121. ENGÁDEGA**

ANOVA manifesta a súa vontade de manter ese consenso constituínte, plasmado nos Principios Fundacionais, que permitiu que persoas de diversas orixes políticas confluísemos nunha única organización nacionalista e de esquerda, incluínte e superadora de vellos modos de facer política, horizontal, igualitaria e aberta á participación da sociedade.

Somos conscientes do esforzo realizado nesta confluencia, do aporte plural e diverso realizado, e a aparición por decantación dun novo xeito de participar colectivamente, unha militancia compartida superadora das procedencias orixinarias que debemos potenciar.

Entendemos que ese é o camiño no horizonte dunha única militancia integradora a partires da non necesidade asumida libre e voluntariamente por todas as persoas que somos ANOVA.

Para iso é preciso que todo o que acordemos sexa contemplado na perspectiva dese horizonte estratéxico esencial. Así pois, que todos os métodos e sistemas de participación promovan e fomenten a participación individual, facendo innecesaria a pulsión de pertenza ou conformación de colectivos que no sexan a propia ANOVA.

Os métodos de designación de persoas para cometidos no seo da organización ou para o desempeño da cargos públicos deberán estar baseados no principio básico do sufraxio universal do ámbito que se trate -nacional ou local-, no que todas as persoas con ese dereito poidan decidir sobre todas as persoas postuladas e que os votos de todas e todos valan igual.

Tamén, independentemente de que a acción fulcral de Anova é a actuación no seo da sociedade galega, é preciso priorizar a formación da afiliación, a adquisición dunha linguaxe común para non caer nas prácticas da vella política que reproduce no seu interior a división do traballo que se da na sociedade, dividíndo á militancia entre os que saben, deciden e mandan e os que non saben, obedecen e traballan.

Mais se aspiramos a ser unha organización política para a maioría social e en consencuencia a integrar a un continxente cada vez máis numeroso de de cidadán e cidadás temos que poñer igual interese en vacinar a Anova – Irmandade Nacionalista contra outra practica da vella política igualmente perniciosa: é preciso combater a cultura da aristocracia da militancia. Se falamos de traballo voluntario como soporte fundamental da capacidade de Anova, calquera achega é igualmente valiosa independentemente do que cada quen poida dar en calquera momento.

**REXEITADA. Recollida en parte na transacción a emenda 8**

## **EMENDA Nº68 VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA**

### **Liña 133. Substitución**

**Descrición:** A concreción da unidade de acción para distintos ámbitos é desexábel que alargue o abano de colaboradores pero tamén pode resultar que se configuren alianzas con actores distintos para diferentes ámbitos.

**Texto:** Por esas razóns, entendemos que é imprescindible proseguir pola ruta de facer sólida e expansiva a nova cultura de Fronte Ampla.

Por suposto, a construción desta Fronte Ampla que hoxe se chama AGE debe ser dinámica e estar aberta a novas incorporacións, promovelas, forzalas. Pero é crucial termos en conta dúas cuestións fundamentais. A primeira, a necesidade de construímos unha Anova robusta que responda con fidelidade aos tres eixos que a fan diferente e imprescindible: unha organización asemblearia e aberta, democrática; un partido-movemento destinado a ser nada máis instrumento en mans dunha cidadanía republicana constituínte; unha nova cultura nacionalista e de esquerda, que incorpore diferentes tradicións e poña o cerebro colectivo a funcionar na procura das análises, propostas e prácticas políticas máis audaces, innovadoras e radicais. A segunda cuestión que deberemos ter en conta é a necesidade de que Anova e AGE asuman o protagonismo que lles corresponde e leven sempre a iniciativa en cada un dos pasos que cumpra dar en procesos de acumulación de forzas, de unidade e de ampliación de alianzas. Que nin AGE nin Anova caian no erro de aceptar e asumir a axenda (interesada) que vaian marcando outras organizacións.

**REXEITADA: A fronte ampla é unha proposta de Anova que debe artellarse a partir de Anova**

## **EMENDA Nº69 VIVA UMIA**

### **Liña 137 Engadega**

Neste sentido, Anova ha impulsar unha campaña de creación de Xuntas de Unidade Cidadá en todas as cidades e comarcas naturais do país. Estes foros tentarán achegar todos os suxeitos en movemento na sociedade galega neste momento, desde a loita contra os dasafuzamentos ou as preferentes até a loita feminista, os sindicatos ou os colectivos implicados na construción de alternativas económicas (cooperativas de consumo, moeda social, banca ética...)

Promoveremos que AGE, como forza institucional e social, se someta á vontade destas asembleas populares abertas.

Será prioridade principal para o bo funcionamento das Xuntas a participación e igual sometemento a elas de todo o espectro da esquerda real e do nacionalismo.

Nun esquema de superación da centralidade das institucións na loita política, de ultrapasaxe da dialéctica entre marcas electorais, em prol da unidade operativa das forzas do cambio na Galiza, tentaremos así, desde abaixo, desde as comarcas e cidades, a edificación dunha lexitimidade alternativa, popular, comunitaria, nacional e soberana. O obxectivo final deste proceso de construción sobre o territorio será a aparición e a convivencia paralela coas institucións vixentes dunha Assemblea Nacional Galega, para além de dinámicas electorais e composta por representantes das diferentes Xuntas de Unidade Cidadá, como novo suxeito unificado para a ruptura democrática real e a consecución práctica da soberanía para o noso pobo.

**REXEITADA: modelo BNPG?**

## **EMENDA Nº 72 VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA**

### **Liña 140. Engadega**

**Descrición:** Engadir o enunciado: Xa nada volverá ser como foi. Despois do primeiro punto e seguido da liña 140.

A razón deste engadido, á parte de respectar o texto de achega do que foi extraído ese parágrafo, é darlle valor á intervención decisiva de Anova no campo político do nacionalismo. Que nada volva ser como foi é a garantía de que se progresa e de que non se actúa buscando motivación na morriña nin na nostalgia, que en política tenden a ser idealistas

**Texto:** A irrupción de AGE crebou para sempre a foto fixa na que sobrevivía o nacionalismo galego. Xa nada volverá ser como foi.

**REXEITADA**

## **EMENDA Nº 73 VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA**

### **Liña 141.Substitución**

**Descrición:** Substituirase a forma verbal **Uníronse** pola forma **Acumuláronse** na liña 141

**Texto:** Acumuláronse forzas provenientes de tradicións políticas distintas,

**REXEITADA: “uníronse” por vontade propia.**

## **EMENDA Nº 75 VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA**

### **Linha 147. Engádega**

**Descrición:** Engadirase ao final do parágrafo, na liña 147, tras o sintagma "cultura política" o texto seguinte: de tradición nacionalista.

**Texto:** Porque para que a soberanía sexa algo máis ca unha palabra fetiche cómpre conquistar hexemonía, e iso só o pode facer un suxeito colectivo representativo da maioría social agredida, para o cal non pode ser requisito que todos os individuos se adscriban a unha cultura política de tradición nacionalista

**REXEITADA.**

## **EMENDA Nº76 VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA**

### **Linha 147.Engádega**

**Descrición:** Engadir a seguir da liña 147 como parágrafo novo.

**Texto:** O proceso electoral confirmou o acerto na construción dunha Fronte Ampla de esquerda e defensora do dereito de autodeterminación. Porque é necesaria a acumulación de forzas de esquerda para deter esta ofensiva terminal do capitalismo, sobre a maioría social agredida A necesidade dunha resposta urxente esixe organizacións amplas para a conquista de hexemonía O éxito de AGE contou coa salientable achegada da práctica anovadora de Anova e o discurso político nacionalista de esquerda

**TRANSACCIONADA: “O proceso electoral confirmou o acerto da construción dunha fronte ampla de esquerda e defensora do dereito de autodeterminación”.** Do resto, é moi optimista falar de capitalismo terminal e subestimar a súa capacidade de reinventarse. Nas liñas 142 e 184 recóllese xa parte do que propón este texto.

## **EMENDA Nº 80 VIVA TEO**

### **Linha 156-166, 218-231.**

**Descrición:** Páxina 4 (artigo 6) , páxina 5, (artigo 10)

A idea é que a autoorganización das asembleas no ámbito local sexa real, isto é que calquera tipo de ditados procedentes doutros "estratos" en ningún momento sexan vinculantes, en todo caso orientativos. Por iso creo que non deben ser recollidos nos Estatutos, pois implicaría o seu cumprimento se así fose reclamado. Sendo fieis ao principio de autoorganización, as decisións en canto a estrutura e xestión de cada asemblea deben ser tomadas pola propia asemblea, no modo que a mesma elixa.

**Texto:** Si se suprimen as liñas indicadas, estes dous artigos quedarían tal como se acordou na constituínte.

**REXEITADA: texto propio da tese organizativa.**

## **EMENDA Nº81 VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA**

### **Linha 160. Engàdega**

**Descrición:** Engadir a seguir da liña 160 como parágrafo novo.

**Texto:** A cidadanía do común, o pobo activo, xa non se conforma con ser representada e con que a súa pulsión política sexa interpretada, esixe as súas propias formas de representación, o seu ámbito de participación política, as súas propias institucións. Os vellos modelos organizativos son hoxe ineficaces para a emancipación social e identitaria. Así o percibe o suxeito colectivo: a crise de desafección, expresada de formas moi diversas, afecta a todas as organizacións políticas institucionais, que son vistas como simples aparellos de reprodución. Esta crise do vello modelo organizativo e as formas de expresión política dun suxeito colectivo en recomposición, que quere intervenir sen mediación na esfera pública, esixen un novo modelo organizativo. Chamémoslle partido-movemento, un novo instrumento de intervención social e política para conquistar hexemonía.

Compre construír unha organización operativa que invirta a direccionalidade na toma de decisións, apostando por facelo de abaixo a arriba. Anova albisca no horizonte democracia absoluta, e nesa democracia absoluta todo o poder é das asembleas.

**REXEITADA: reiterativo.**

### **EMENDA Nº 84 VIVA LM GARCIA CACHEIRO**

#### **liñas 165-166. Engàdega**

“ANOVA, como partido-movemento e tendo en conta as súas posibilidades, económicas, estruturais e organizativas, tentará establecer en paralelo á súa actuación política, institucional e social, unha rede de axuda á cidadanía máis agredida polas consecuencias das políticas de recortes dos Governos, central e da Xunta impotas pola plutocracia económico-financeira neoliberal. Unha rede de axuda social que traballará en cooperación e en pé de igualdade cos outros movementos sociais, colectivos e asociacións existentes.

**REXEITADA: Pode ser apropiado para o debate nun grupo de traballo, non para recoller nunhas teses.**

### **EMENDA Nº 89 VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA**

#### **Linha 173. Engàdega.**

**Descrición:** Engadir a seguir da liña 173 como parágrafo novo.

**Texto:** Neste sentido, Anova priorizará, como partido-movemento que é, o fortalecemento da sociedade civil, coas súas dinámicas propias fronte a hipertrofia da lóxica institucional e as peaxes que esta sempre acaba cobrando ás organizacións populares.

**TRANSACCIONADA: “Neste sentido Anova priorizará o fortalecemento da sociedade civil, coas súas dinámicas propias fronte a hipertrofia institucional e as peaxes que sempre acaba cobrando ás organizacións populares”.**

### **EMENDA Nº 92 VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA**

#### **Linha 175. Substitución**

**Descrición:** Debemos de evitar na medida do posible guiarnos pola premura e a urxencia, e pular por actuacións froito da reflexión colectiva. Proponse empregar unha linguaxe máis acaída, primando o enfoque reflexivo sobre o temporal.

**Texto:** Substituír obxectivos urxentes por obxectivos estratéxicos

**REXEITADA: ver liña 179.**

### **EMENDA Nº 96 VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO**

## **PICO, CASAIS E XIANA**

### **Linha 197-210. Substitución**

**Descrición:** Substitución do texto contido entre as liñas 197 e 210, ambas incluídas.

**Texto:** A política de alianzas electorais de Anova-IN debe seguir a encadrarse na idea dunha Fronte Ampla baseada na unidade de acción articulada arredor de compromisos e liñas programáticas e coa condición inescusábel de non admitir exclusións.

En cada un dos ámbitos en que cristaliza unha alianza electoral, é prioritario levar á práctica as nosas propostas programáticas, políticas que debiliten as posicións da ditadura da Plutocracia e a orientación a obxectivos estratéxicos.

As alianzas electorais son expresións institucionais do traballo político de Anova. Nese sentido, sen prexuízo das condicións que se dean en cada caso, AGE é o punto de partida, terreo xa conquistado, desde o que cómpre interpretar prioritariamente os futuros procesos electorais.

AGE, ademais, é moito máis ca unha coalición electoral concreta para un único momento concreto, máis mesmo ca un grupo parlamentario que desenvolve un traballo moi salientable. O éxito electoral é o resultado dunha confluencia de causas incomprensibles unhas sen as outras. Foi a expresión dunha esperanza popular que se manifesta nunha confianza crecente e non pode ser defraudada se non queremos ocasionar unha frustración social e política de consecuencias nefastas. AGE ten unha responsabilidade histórica á que non pode renunciar por tacticismos nin por intereses particulares. É un proceso de acumulación de forzas que non fixo máis que empezar, que debe continuar afirmándose coas actuais organizacións aliadas e ten que ampliarse, sen exclusións, sempre pola esquerda e co recoñecemento do pobo galego como suxeito político determinado a conquistar soberanía. Toda alianza electoral futura debe tender a ampliar a fronte ampla que hoxe é AGE, sen renunciar a ningún dos pasos dados ata aquí. Ao contrario.

O tempo que nos toca vivir, escuro coma poucos, esixe que as nosas alianzas preferentes busquen espazo sempre pola esquerda. A unidade do nacionalismo, que tras as eleccións se converteu en palabra de orde destinada a crebar a unidade de AGE, sería, en todo caso, un posible chanzo nese proceso de acumulación de forzas pola esquerda. Nunca pode ser un fin en si mesma. O contrario sería pensarmos exclusivamente na organización no canto de pensarmos na necesidade social.

En calquera caso, as decisións sobre alianzas sempre serán tomadas polo conxunto da militancia de Anova.

**REXEITADA: A fronte ampla debe partir de Anova.**

## **EMENDA Nº 100 VIVA ANTON FENTE HECTOR RODRIGUEZ**

### **Linha 212 Emenda à totalidade nas medidas programáticas**

#### **PROPOSTAS PROGRAMÁTICAS**

Os grupos de traballo nacionais deberán desenvolver programas de actuación que serán abordados e acordados en conferencias de Anova. A Coordinadora Nacional tamén promoverá, periodicamente, conferencias políticas abertas, xa sexan presenciais ou telemática, monográficas, sectoriais ou multidimensionais, con fin de fomentar o debate socio-político e axudar a definir as súas estratexias nos diferentes eidos e desenvolver programas de actuación sobre a base das propostas programáticas.

Máis ca nunca, perante as políticas implementadas polo PP e no obxectivo estratéxico de conquistar unha Galiza soberana, cómpre dotar ao país dun aparello xurídico-político baseado na radicalidade democrática e nos principios republicanos da igualdade, a liberdade e a fraternidade. Para isto, debemos ter en conta, como eixos transversais, os límites ecolóxicos do planeta, o antipatriarcado e a loita contra calquera caste de discriminación. Para conseguir atinxir as nosas propostas é imprescindible a acumulación de forzas e a presión popular na rúa. De pouco vale a pureza ideolóxica se unha forza política fica circunscrita á marxinalidade sen un mínimo de

repercusión social.

O sistema-mundo capitalista fracasou e é necesario construír unha alternativa a el, con medidas que no día a día fagan visualizar ese outro sistema polo que pulamos e contribuír para a mellora das condicións de vida da xente do común. A saída da crise implica medidas audaces que axuden a configurar os alicerces dun novo modelo de produción e distribución da riqueza, que abranga á maioría social. A grande propiedade capitalista será convertida en pública e xerida democraticamente baixo criterios sociais e ecolóxicos na onde dun novo socialismo, democrático, libertario e inclusivo. Un sistema en que toda a cidadanía estea habilitada para participar no proceso de toma de decisións.

Algunhas medidas programáticas, co horizonte posto na ruptura co sistema, mais que se podería desenvolver unha esquerda real partindo do escenario actual son as que a seguir nomeamos, sen a pretensión de que sexan unha relación completa que, en todo caso, irá completando os grupos de traballo e a interrelación entre a esquerda social e Anova. Son, xa que logo, liñas programáticas para socializar e mellorar entre a militancia e a cidadanía.

### **Contra o espolio**

1.- Auditoría da débeda pública que en boa medida é odiosa e ilexítima, compromiso de non achegar fondos públicos para viabilizar entidades bancarias e esixir responsabilidades penais aos xestores destas entidades. Constitución dun sector financeiro público ao servizo da cidadanía galega e apostar pola reversión das caixas de aforro á súa natureza orixinal de entidades non capitalistas de economía social.

2.- Reversión ao dominio público das concesións feitas ao sector privado en materia de infraestruturas, recursos, bens e servizos estratéxicos que poidan ser interpretados como de interese público ou común.

3.- Regulación pública vía taxación dos mercados, intermediarios, fluxos financeiros e movementos de capitais, con especial rigor no tocante ás operacións especulativas.

4.- Control democrático da política monetaria hoxe nas mans dos “técnicos” do BCE.

5.- Estabelecemento de mecanismos que obriguen a convocar referendos vinculantes para calquera plano de axuste estrutural ou decisión governamental non contemplada no programa electoral.

6.- Deter o *brain drain* revertendo a aplicación do Plano Boloña nas universidades e elaboración dunha Lei do Ensino Superior centrada na formación de cidadáns e non de man de obra cualificada pronta para ser exportada e explotada por calquera transnacional. Financiamento público da universidade nos niveis existentes da UE-15.

7.- Fin do réxime de concertación coa ensinanza privada e aumento do gasto en educación até converxer coa media europea en todas as CA. Combater do abandono e o fracaso escolar e mellora da formación profesional e o bacharelato. Extensión da ensinanza obrigatoria até os 18 anos (bacharelato, ciclos formativos, cursiños, prácticos, etc.).

7.- Promover unha Iniciativa Lexislativa Popular, de acordo coa esquerda social en todo o Estado, para declarar inconstitucional a privatización da auga.

8.- Incremento dos orzamentos para técnicos de Facenda e das partidas outorgadas para previr e controlar a fraude fiscal, que permita incrementar as inspeccións fiscais e de traballo nas empresas, con especial fincapé nas máis grandes.

9.- Redución progresiva do abano salarial mediante políticas fiscais para reducir a diferenza entre os extremos a un máximo de 3 a 1.

10.- Aprobar unha taxa polo uso privativo do espazo público por parte das transnacionais e cuxo importe será integramente para as cámaras municipais.

## **Defensa do noso**

11.- Defensa activa contra a desaparición da identidade galega, contra o exterminio planificado da nosa lingua, o deterioro da nosa paisaxe, o abandono do noso patrimonio cultural e a deturpación da nosa historia.

12.- Os valores materiais e inmateriais da Galiza rural son necesarios, mais tamén son alternativas para camiñar para outro modelo de sociedade mais cooperativa, xusta, sustentábel, autoorganizada, autoxestionada e, ao cabo, marcadamente anticapitalista.

13.- Recoñecemento do papel determinante da diáspora galega na defensa da nosa identidade como pobo e por xustiza e equidade comprometémonos a garantir os seus dereitos cidadáns en pé de igualdade coa cidadanía residente no noso país, naqueles aspectos en que proceda.

14.- O discurso lingüístico de Anova será en positivo a pesar das dificultades, vendo a lingua como fenómeno social e máis unha cuestión de clase. Favorecerase o protagonismo social nos procesos de normalización da lingua e pularase polo monolingüismo social en galego atendendo á nosa pertenza ao sistema lingüístico galego-portugués.

15.- Introducción da materia “Lingua e literatura portuguesa” en todo o ensino secundario. Recoñecemento da ortografía portuguesa como oficial na Galiza (ao carón da actual ortografía) e visualización de balde das canles televisivas e radiofónicas do Estado portugués.

16.- Introducción da materia “Lingua e literatura portuguesa” en todo o ensino secundario.

17.- Defensa do ámbito informativo galego con medios de comunicación non sometidos aos poderes políticos e económicos, senón ao control social. Os medios de comunicación públicos de Galiza, especialmente no que concerne á RTVG, son instrumentos imprescindíbeis para a nosa articulación nacional para a creación, desenvolvemento e difusión de universos simbólicos propios.

Condicionar as axudas públicas e o recoñecemento legal dos medios privados de comunicación e lecer a súa promoción da lingua e a cultura galegas, así como ao recoñecemento da diversidade ideolóxica existente na sociedade.

18.- Soberanía alimentaria e enerxética. Sustentabilidade ecolóxica e social. Anova é consciente de que o crecemento económico ilimitado e irracional é imposíbel nun planeta finito. Anova valorará desde xa as diferentes alternativas a este modelo predador dos recursos da Terra nos seus grupos de traballo.

19.- Ordenación territorial e urbanística en base a criterios sociais e ecolóxicos, buscando o equilibrio territorial, recuperando as formas de poboamento tradicionais e humanizando os núcleos urbanos.

20.- Supresión das Deputacións, como elementos do centralismo do Estado non democráticos e opacos, destinando 40% do seu orzamento para os concellos, 40% para a mancomunizar servizos públicos das entidades locais e 20% para a Xunta de Galiza.

21.- Lei de parroquias de Galiza: partidas orzamentarias propias para as parroquias, cuxo emprego se decidirá en asemblea polos residentes censados en cada parroquia, fomentando a participación da cidadanía en asuntos de índole local en base a unha estrutura parroquial integrada e recoñecida na Lei de Administración Local de Galiza.

22.- Subvencións amplas do material para a restauración de vivendas por parte de menores de 35 anos que se comprometan a vivir no rural polo menos nos próximos dez anos. Liñas de axuda crediticia e subvencións para modernizar as explotacións no rural, especialmente á mocidade e as familias con fillos menores. Para isto creárase unha cooperativa agraria pública, independente do poder político, e un instituto de crédito público que xestionará un banco de terras.

23.- Campaña cultural e lingüística na Galiza irredenta para manter viva a nosa identidade e cultura neses territorios.

### **Igualdade e dereitos sociais**

24.- Reforma fiscal progresiva e reforma das leis que perseguen a fraude fiscal. Reforma tributaria para restabelecer unha fiscalidade progresiva, nomeadamente sobre os tramos elevados de ingresos e patrimonios privados, a prol dunha indispensable política redistributiva de benestar social, encamiñada a garantir as condicións materiais da liberdade. Incrementar a progresividade dos impostos sobre a renda e os beneficios, con novos tramos e tipos máis altos. Recuperación de novos impostos que graven a riqueza, como o de patrimonio ou o de sucesións, con tramos exentos para pór o acento nos niveis elevados de riqueza.

25.- Estabelecemento e fortalecemento dun Marco Galego de Relacións Laborais, tanto na función pública canto no sector privado, que desenevolva e potencie a negociación colectiva, a solución de conflitos, a formación profesional, a contratación e a participación sindical nas empresas, garantindo: a estabilidade e seguridade no emprego, a cobertura do paro e das xubilacións, a participación equitativa da forza de traballo no valor engadido e o incremento sustentábel da produtividade. Derrogación das sucesivas reformas laborais no Estado español. Democratización das empresas regulando a participación da clase traballadora na súa dirección e xestión, redución da xornada laboral para unha redistribución xusta do traballo. Situar o SMI en 800€ e revisión equiparábel ao dos estados europeos cun PIB semellante ao do Estado español (UE-15).

26.- Igualdade real de mulleres e homes en todos os eidos. Estabelecemento de medidas efectivas para a erradicación da violencia machista e de xénero. Garantir os dereitos da comunidade LGTB.

27.- Respecto aos dereitos sexuais e reprodutivos. Defensa do dereito das mulleres a decidir sobre o seu propio corpo. Defensa do aborto libre, público e gratuíto. Eliminación da obxección de conciencia na sanidade pública.

28.- Defensa firme dos servizos sociais públicos, nomeadamente dunha sanidade e dun ensino

gratuítos, públicos, universais e de calidade.

29.- Medidas para regulariza a situación das persoas migrantes e para garantir a plena igualdade de dereitos co resto da poboación.

30.- Garantir o dereito a unha vivenda digna, mediante un plano de fomento da vivenda en aluguer social, empregando o excedente de vivendas baleiras en mais das entidades financeiras. Paralización dos expedientes de desafuzamento e amnistía hipotecaria para os tramos inferiores de renda.

31.- Eliminación do retraso na idade de xubilación de 65 a 67 anos, establecemento da idade de reforma voluntaria para as mulleres nos 63 anos e para os mineiros e outras profesións especiais nos 60 anos, progresivamente.

32.- Estudo, debate e implementación dunha renda social básica ou dunha renda garantida de cidadanía, de carácter universal, para os maiores de 20 anos, que garanta a subsistencia cun mínimo de dignidade.

33.- Combate contra a profesionalización da política institucional e rexeitamento da súa centralidade no espectro da loita política. Neste sentido, os nosos representantes institucionais predicarán co exemplo na súa conduta.

34.- Compromiso firme de impulsar regulamentos de participación veciñal, orzamentos participativos e plenos paralelos no eido local.

### **Solidariedade económica e desenvolvemento**

35.- Plano estratéxico de redefinición do modelo produtivo, baseado na promoción do mercado interno e da demanda doméstica que a curto prazo potencie aqueles sectores implicados co reciclado do sector da construción na recuperación de vivendas, as enerxías renovábeis e o estado social. Estas medidas e outras, esixen un modelo de crecemento orientado ao mercado interno, baseándose en altos salarios e elevado gasto público. Incremento do número de empregados públicos, especialmente nos servizos sociais até converxer coa media da UE-15.

36.- Promoción do emprego local a través de cooperativas agrarias, de explotación dos recursos mariños e de vendedores de materias primas (cooperativas de produción), que permitan a distribución de proximidade dos seus produtos, eliminando de forma progresiva o abusivo papel dos intermediarios.

37.- Axuda oficial ao desenvolvemento que atinxa 3% do PIB. Creación dunha axencia pública independente e aberta ao control cidadán para avaliar e supervisar os proxectos en que se invisten eses cartos.

38.- Políticas de defensa do sector labrego, revitalizando as pequenas e medianas explotacións, garantindo prezos xustos, apostando pola recuperación dos ecosistemas agrarios e a sustentabilidade económica, impulsando a ordenación do territorio e a fixación de poboación no rural. Políticas análogas para o mundo mariñeiro e a beiramar.

39.- Mellorar a tramitación burocrática para axilizar os procesos de creación de pequenas e medianas empresas. Prohibición dos despidos e das prexubilacións con cartos públicos en

empresas con beneficios. Ordenación do sector comercial a prol da revitalización racionalizada do pequeno e mediano comercio fronte ao grande capital comercial, impulsando a necesaria reforma do marco normativo do sector.

40.- Políticas de promoción e equidade económica, fiscal e social para as formas de traballo autónomo e de pequenas empresas, con fincapé nas formas cooperativas e de economía social.

41.- Feche de paraísos fiscais e rexeitados de medidas de amnistía fiscal. Rebelión cívica contra as medidas de organismos non democráticos como os Institutos Financeiros Internacionais (por exemplo, BCE, BM, FMI, etc.).

42.- Redución inmediata do gasto militar, que sexa efectiva e supere o fraccionamento en varios ministerios do orzamento de Defensa, destinando eses fondos a políticas de gasto público e á creación de emprego de calidade. Pular pola saída da OTAN do Estado español e fechar as bases militares dos EUA.

43.- Cobro do IBI a todas as confesións relixiosas ou transnacionais e acabar cos beneficios financeiros da Igrexa. Empregar eses recursos para a educación pública e laica.

44.- Individualización total do IRPF coa eliminación de todas as desgravacións or esposa dependente na forma actual – a declaración conxunta- ou en calquera outra posíbel.

45.- Derogación do artigo 18 do Proxecto de Lei de Dependencia e das extensións das excedencias para o coidado da Lei de Igualdade para que as prestacións ou desgravacións non estexan condicionadas pola inactividade laboral na persoa coidadora.

46.- Novo modelo de transportes que priorice o desprazamento da maioría da poboación sobre o transporte maioritario, caro e pouco eficiente como o AVE.

## **REXEITADA CON POSÍBEL TRANSACCIÓN PUNTO POR PUNTO**

### **EMENDA Nº 109 VIVA REDONDELA**

#### **Linha 237. Engádega**

**Descrición:** Estratexia de apoio e promoción dun sistema financeiro que se guíe por principios éticos

**Texto:** 4. Promoción e políticas de apoio de aquelas entidades financeiras que guíen a súa actividade por principios éticos.

Estamos inmersos nunha fonda crise económica que tivo a súa orixe nos abusos nas entidades financeiras. A desregulación do sector financeiro unido ás prácticas especulativas das entidades financeiras de crédito e de investimento, na busca unicamente do beneficio polo beneficio, conduciu á economía galega e mundial a unha fonda crise económica.

Mais a existencia dun sistema financeiro é vital para o funcionamento da economía. Anova IN Galiza ten que participar e promover a construción dun instrumento financeiro que dirixa os seus esforzos a todas as persoas e entidades que traballan para transformar a sociedade nunha realidade máis xusta, participativa e inclusiva. O obxectivo de Anova ten que ser apoiar e promover entidades financeiras que sexan un instrumento en mans de toda a cidadanía activa que quixer recuperar a xestión dos seus aforros e dirixilos cara a proxectos e actividades que xeneren un impacto social positivo, quer dicir, apoiar empresas e proxectos sociais, ambientais, culturais e humanitarios, prestando especial atención en pór os recursos ao alcance das persoas máis necesitadas e ás organizacións que traballan con e para elas.

Anova Galiza, ela propia coma organización política, mais a través das Administracións públicas nas que estea presente, ten que tomar a iniciativa de apoiar a construción dunha banca ética construída dende a cidadanía organizada que impulse unha intermediación financeira baseada nos valores da responsabilidade, a solidariedade e o respecto do entorno.

Nesta aposta política os concellos xogan tamén o seu papel, como demostra a experiencia do Concello de Manzaneda, ao se unir á campaña “Municipios pola banca ética”. A aposta clara dos concellos gobernados por Anova polas finanzas éticas sería unha mostra inequívoca pola aposta por construír alternativas sociais e económicas ao capitalismo neoliberal en que estamos a vivir e sufrir.

**REXEITADA: por ser excesivamente ampla. Recollida en parte na EMENDA N° 107 Propia dunha conferencia nacional.**

## **EMENDA N° 110 VIVA MEILAN SERRANO**

### **Linha 240. Engádega**

Enmenda 1

Responsabilidade civil subsidiaria para todos os cargos políticos/as e representantes electos que tomen decisións con diñeiro público, sendo esta responsabilidade civil comparábel à de enxeñeiros/as, arquitectos/as, médicos/as e demais profesionais do ámbito de público.

Enmenda 2

Auditoría da débeda pública para analizar cal é a parte odiosa e cal non. Non se pagará aos acreedores aquela parte odiosa da débeda pública.

Enmenda 3

Todos os organismos públicos utilizarán e desenvolverán todo o software con licenzas libres, facilitando e fomentando deste xeito o seu coñecemento a toda sociedade.

Enmenda 4

Todos os organismos públicos estarán obrigados a fornecer os seus datos en réxime aberto nos formatos máis estándares posíbeis para cada momento.

Enmenda 5

Criación dun ente público, europeo e transparente que actúe como Axencia de Calificación de referencia.

Enmenda 6

Regulamentación do sector financeiro, restrinxindo as operacións de alto risco en aquelas entidades cuxo capital maioritario proceda de pequenos e medianos aforradores e/ou sexan entidades con vocación ou tradición de financiamento do sector produtivo.

Enmenda 7

As entidades financeiras non poderán realizar operacións especulativas con produtos financeiros derivados, en particular con aqueles procedentes das materias primas agrícolas.

**REXEITADA com posibilidade de transacción. A 2 recollida. A 1 recollíbel. A 3 (e a 7) propia dunha iniciativa parlamentar...**

## **EMENDA N° 112 VIVA CLAUDIO QUINTILLÁN**

### **Ringleira 242.Engádega.**

Necesitamos avaliar que pasos estamos a dar para incrementar a base social, e tamén invertir a tendencia actual do pobo galego nas apostas electoráis.

Aplicación de métodos de traballo pedagóxicos, e esquencerse de intentos de imposición ideolóxica.

Apertura de miras hacia o horizonte e non actuar pechándose en banda.

Fomento da fraternidade galega e esquencerse dos “os nosos” e “os vosos”.

**REXEITADA**

## EMENDA Nº 114 VIVA SANTOS

### **Linha 247. Engàdega**

**Descrición:** Defensa do dereito de voto dos emigrados no Estado español.

Crear un punto 5b.

**Texto:** Engadir o seguinte texto:

“Anova comprométese a loitar polos dereitos cidadáns, incluíndo o voto, dos galegos e galegas emigrados e emigradas no Estado español, en pé de igualdade coa cidadanía residente no noso país.

**REXEITADA: só é posíbel votar nun local onde se teña a cidadanía civil. Isto para despois da ruptura democrática na República Galega.**

## EMENDA Nº 118 VIVA MEILAN SERRANO

### **Linha 257. Engádega**

Enmenda 1

Anova entende que o ensino público debe ir aplicando progresivamente metodoloxías de inmersión en galego, que demostraron a súa eficacia no contexto educativo doutras linguas minorizadas.

Enmenda 2

Anova apoiará experiencias de ensino cooperativo popular que teñan o galego como lingua de inmersión.

Enmenda 3

Anova apoiará e promoverá activamente a incorporación do ensino da lingua portuguesa en todos os niveis de ensino público regrado.

Enmenda 4

O dominio do portugués terá un recoñecemento especial para o acceso á función pública e concursos de méritos.

Enmenda 5

Anova fomentará as medidas necesarias para conseguir a recepción aberta en territorio galego dos medios audiovisuais lusófonos en xeral e portugueses en particular co obxectivo de tornar familiares nos ouvidos dos galegos e galegas outros acentos da nosa lingua.

Enmenda 6

Anova pensa que a RTVG debe ser usada como ferramenta para paliar a crecente importancia do modelo fonético español no galego, mantendo un padrón fonético propio e prestixiar as diferentes variantes dialectais da Galiza.

Enmenda 7

Co modelo da Noruega como horizonte, Anova estudará a posibilidade dun bi-normativismo que contemple o recoñecemento de dous sistemas gráficos, un autónomo e outro converxente co portugués, recoñecendo ambos como lexítimos para a lingua da Galiza, recollendo o pensamento dunha parte significativa do movemento normalizador do galego. Neste sentido, Anova é un espazo inclusivo e acolledor para as persoas que participan das diferentes propostas ortográficas da lingua galega, prefigurando no seu seo unha sociedade onde estas poidan convivir de maneira democrática, tolerante e mutuamente enriquecedora.

Enmenda 8

Anova promoverá a cooperación institucional ou civil encamiñada a fortalecer os vínculos lingüísticos e culturais coas comarcas de lingua galega baixo a administración do Principado de Asturias e da Comunidade Autónoma de Castela e León. Entendemos que os medios de comunicación públicos (principalmente a RTVG) deben desenvolver unha política inclusiva en relación a estes territorios, especialmente no ámbito informativo. Neste sentido, as relacións con Portugal tamén serán consideradas prioritarias, especialmente, mais non só, coas rexións do norte do país veciño.

#### Enmenda 9

Anova promoverá iniciativas legislativas e outras accións institucionais co obxectivo de defender os dereitos lingüísticos das comarcas de lingua galego-portuguesa existentes no Estado español fora do ámbito competencial da Comunidade Autónoma. Son as seguintes: Eo-Navia (Asturias), Bierzo occidental (León), Portelas (Zamora), Calabor (Zamora), Almedilla (Salamanca), Xalma (Cáceres), Alcántara occidental (Cáceres e Badaxoz) e Olivenza (Badaxoz).

#### Enmenda 10

Anova contempla con indignación as prácticas fraudulentas dos sucesivos procesos electorais galegos, onde o caciquismo condicionou o voto de numerosos cidadáns e cidadás, nomeadamente no ámbito rural. Co obxectivo de eliminar a eficacia destas prácticas, considera imprescindible que a papeleta electoral sexa recollida en cabina en condicións de absoluto secreto, non podendo ser mostrado o voto antes de depositado en urna e ficando prohibidos procedementos de entrega previa de papeleta como o mailing. Con este obxectivo, establecerá acordos coas diferentes forzas electorais que sexan contrarias aos procedementos fraudulentos, para condicionar mudanzas na lei electoral a este respecto. En caso de non conseguir resultados mínimos, Anova reclamará a presenza de observadores internacionais que garantan a limpeza dos comicios a realizar na Galiza.

#### Enmenda 11

Anova considera o promoción da investigación como un factor estratéxico para garantir unha Galiza con futuro. Portanto, considera prioritario elaborar unha lei de ciencia que garanta e promova o factor máis importante para a I+D dun país, isto é, as persoas que fan ciencia. Regulamentará a carreira científica, con todos os controis de calidade que sexan precisos, mas preocupándose especialmente pola estabilidade e futuro digno tanto dos científicos como dos técnicos involucrados nesta actividade. As planificacións que afecten á ciencia deberán ser de longa duración, á marxen de avatares políticos, sendo ideal fixar unha porcentaxe invariábel e razoábel do PIB dedicada a este capítulo. A investigación será entendida como o compendio da ciencia básica e da ciencia aplicada, non existindo a unha sen a outra, sendo esta visión global, non curtopracista, a que levou avances significativos e a incrementos de benestar social.

**REXEITADA: para o grupo de traballo de lingua ou para unha conferencia nacional.**

### **EMENDA Nº 120 VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA**

#### **Linha 262. Engàdega.**

**Descrición:** Engadido de texto antes do punto final do parágrafo, na liña 262.

**Texto:** ...difusión de universos simbólicos e tamén para a normalización da lingua galega e todas as nosas expresións culturais e artísticas.

**ACEITADA**

### **EMENDA Nº 123 VIVA MARIÑA**

#### **Linha 264-266. Substitución**

#### **Texto proposto**

8. Soberanía alimentaria e enerxética. Sustentabilidade ecolóxica e social. Anova fronte ao crecemento económico ilimitado é irracional e imposible nun planeta finito propondrá alternativas como o decrecemento.

**REXEITADA**

### **EMENDA Nº 125 VIVA SANTOS**

#### **Linha 266. Engàdega .Substitución**

**Descrición:** Mudar a liña 266 polo texto achegado que matiza politicamente o

que se quere dicir.

**Texto:** “Anova é consciente de que o crecemento económico ilimitado é irracional e imposible, que atenta contra os límites ecolóxicos e de recursos do planeta, contra a biodiversidade e a vida, xera unha tamén crecente conflictividade e desigualdade social e viola os dereitos das xeracións vindeiras. Neste sentido, Anova valorará e terá en conta as diferentes alternativas, entre elas as que orbitan ao redor do decrecemento, nas súas definicións e estratexias políticas”.

**REXEITADA**

## **EMENDA Nº 126 VIVA CLAUDIO QUITILLÁN**

**Ringleira 266. Engádega.**

A planificación do territorio, levará implícitas as actuacións necesarias baixo a declaración de que sectores son estratéxicos.

**REXEITADA**

## **EMENDA Nº 127 VIVA XOSE CONSTENLA**

**LIÑA 268. Substitución.**

9. O modo de produción capitalista precisa de espazo para o seu desenvolvemento pero impide a construción social de lugares con indentidade colectiva. A organización do actual territorio galego constitúe a plasmación desa particular “aniquilación do espazo mediante o capital” e dunha estrutura político-administrativa de control centrípeto. Defendemos unha ordenación territorial e urbanística coherente e naturalizante das relacións sociais e humanas que subsisten no país herdeiras do modo de ocupación multiseccular do territorio, que garanta o respecto polo medio natural como elemento do sistema territorial cunha función de seu e que acabe coa sobreexplotación da biosfera de xeito especulativo e mercantilístico único fin de lucro económico.

**REXEITADA**

## **EMENDA Nº 128 VIVA CLAUDIO QUINTILLÁN E RAFA SISTO**

**Ringleira 269. Engádega.**

.....de povoamento tradicionais, adaptados ao cumprimento das necesidades socio-económicas, non supoñendo discriminación algunha nin marxinalidade, asuntos clave para súa posta en valor.

**REXEITADA**

## **EMENDA Nº 130 VIVA MEILAN SERRANO**

**Liña 271. Engádega**

Enmenda 1

Anova recolle os valores do antimilitarismo e da resolución non violenta dos conflitos, desexando construír unha Galiza onde non estea presente a industria militar, procurando alternativas aos sectores actualmente involucrados nesta actividade, restrinxindo a presenza do exército español no seu territorio e eliminando calquera colaboración galega, sexa en actividades ou sexa en territorio, coa organización imperialista OTAN, convertendo Galiza nun refuxio para todas aquelas persoas que no mundo están perseguidas por non participar en conflitos bélicos ou en actividades relacionadas co militarismo.

Enmenda 2

Anova considera fundamental a elaboración de una Estratexia Galega de Conservación da Biodiversidade, con obxectivos claros e cuantificábeis e sempre desde unha perspectiva participativa dos diversos sectores sociais implicados, procurando a integración coas políticas de conservación dos territorios limítrofes coa Galiza.

Enmenda 3

En resposta ás ameazas que a Mudanza climática e o Cénit do petróleo supón para a pervivencia da nosa sociedade, Anova fomentará a creación de “Comunidades de Transición”

naqueles ámbitos nos que teña presenza.

Enmenda 4

Para Anova unha das bases dunha sociedade galega sustentábel está na xestión adecuada dos residuos. Nesta liña, Anova marca como obxectivo último conseguir que Galiza sexa unha sociedade con residuo cero, isto é, unha sociedade onde o lixo nin se queima nin se enterra. Polo tanto, considera fundamental incorporar á súa praxe de xestión de residuos a compostaxe descentralizada, a recollida selectiva, a recollida porta a porta e o fomento da redución. Anova adherirá o movemento europeo Cero Lixo que, entre outras cousas, loita contra os planos da UE de fomento da incineración de lixo.

**CONFERENCIAS SECTORIAIS**

### **EMENDA Nº 132 VIVA IOLANDA**

**Linha 285 Engádega.**

A participación + “ e a equidade de xénero” das persoas traballadoras...

**REXEITADA: a belixerancia contra a discriminación de xénero está recollida diafanamente dende a ANC. Recollido nas liñas 290-295**

### **EMENDA Nº 139 VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA**

**Linha 290-295**

**Descrición:** Reivindicamos a igualdade de todas as persoas en todos os eidos, facendo especial fincapé no aspecto no que a violencia patriarcal se está a cebar con maior virulencia coa metade da poboación, a violencia machista.

Mención importante tamén a aquelas medidas que garantan a distribución equitativa de todos os traballos, produtivos e reprodutivos.

**Texto:** 13. Igualdade real de mulleres e homes en todos os eidos. Implantación de medidas para a erradicación da violencia machista. Repartición do traballo, tanto remunerado como non remunerado, partindo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Redución do xornada laboral, tanto para repartir o emprego como para conciliar a vida laboral e extra.laboral.

**REXEITADA**

### **EMENDA Nº 149 VIVA DOBAO, XURXO, BALADO, RODRÍGUEZ, DO PICO, CASAIS E XIANA**

**Linha 305-306**

**Descrición:** Mellora redacción e ampliación das reivindicacións, incluíndose o dereito subxectivo de todas as persoas de acceso a sanidade, educación, prestacións, servizos sociais e de coidados, con garantías de calidade, e de defensa do público

**Texto:** 16. Defensa innegociable dun sector público forte, que garanta o acceso á sanidade, o ensino, as prestacións, e servizos sociais, baixo os principios de calidade, responsabilidade pública, universalidade, equidade e gratuidade, e que garanta e preste os servizos de coidados das persoas, relacionados tanto coa infancia, coas persoas maiores e todos os demais servizos de atención á dependencia, establecendo todos estes recursos como dereitos subxectivos.

**REXEITADA**

### **EMENDA Nº 154 VIVA UMIA**

**Linha 315 Engadido dun novo punto.**

19.A nosa actuación neste marco institucional que combatemos hase realizar cun dobre obxectivo: por unha banda, o apoio á creación dun poder popular galego forte e, por outra, o baleirado de competencias reais das actuais institucións, a súa substitución gradual na

práctica por ese novo tecido participativo e soberano. Así, as medidas guía do noso labor institucional hanse asentado en dous puntos:

A) A creación de Consellos de Barrio e de Parroquia con poder de decisión vinculante nas políticas que lles afecten e aos que se lles ceda unha parte fixa dos orzamentos para a súa administración directa pola veciñanza.

B) A aposta pública, clara e coherente por unha reorganización da administración local e provincial baseada no agrupamento e a disolución dos concellos nas nosas comarcas históricas e na eliminación de deputacións, goberno civil, provincias...

**REXEITADA: conferencia política ou sectorial**

### **EMENDA Nº 155 VIVA UMIA**

#### **Linha 315 Engadido dun novo punto.**

20. Anova solidarízase con todos os cidadáns/ás galegos/ás aos/ás que se lles aplica a chamada lei antiterrorista e coas súas familias, vítimas todas elas tamén das medidas de dispersión penitenciaria que España emprega contra os presos políticos. A nosa organización manterase na denuncia da vulneración sistemática dos dereitos civís que o rexime español leva a cabo contra a disidencia política na Galiza e que van desde montaxes incriminatorias até torturas ou mesmo prisión sen xuízo durante catro anos en penais expresamente afastados.

Consecuentemente, a Coordinadora Nacional ha establecer un protocolo de actuación con respecto ás detencións de cidadáns galegos por mor da súa implicación política. Nel, hase garantir un posicionamento público en menos de 48 horas en prol dos dereitos do detido, especialmente da súa presunción de inocencia. Se for o caso, tamén se estenderá este pronunciamento contra a chamada lei antiterrorista e a súa aplicación no noso país. Do mesmo xeito, no prazo dunha semana, os nosos representantes no parlamento autonómico han solicitar o interese do goberno galego polo estado do detido e polo respecto aos seus dereitos civís. Pola mesma, así han actuar os nosos representantes municipais do concello do detido co goberno local no pleno máis inmediato. De exercermos tarefas de goberno, faremos un posicionamento público nas mesmas claves e como tal.

**REXEITADA**

### **EMENDA Nº 156 VIVA CLAUDIO QUINTILLÁN**

#### **Ringleira 318. Engádega.**

Galiza carece na actualidade dunha estrutura productiva que permita definir estratexias tanto a nivel interno como para o exterior.

Deseñar esas liñas, son competencia de calquera grupo político que aspire a transformación necesaria como paso previo a conquistar a soberanía.

**REXEITADA: conferencia**

### **EMENDA Nº 161 VIVA CLAUDIO QUINTILLÁN**

#### **Ringleira 340. Engádega.**

As políticas de promoción do espazo agrario, partirán de propostas de interese nacional, donde se incluíra un mapa de producións para agricultura, gandeiría e montes.

Asemade para o sector pesqueiro e marisqueo.

**REXEITADA: conferencia**

### **EMENDA Nº 162 VIVA 08 REDONDELA**

#### **Ringleira 340. Engádega.**

**Descrición:** Estratexia de apoio e promoción da pesca galega de artes menores (ou pesca de pequena escala, ou “pequena pesca”)

**Texto:** 22. *Políticas de apoio e promoción do desenvolvemento da pesca realizada pola frota*

*denominada de “artes menores”.*

Este segmento da frota (o maioritario) constitúe un sistema produtivo sustentable –social, económica e ecoloxicamente- en canto ao aproveitamento dos recursos mariños nas nosas augas mariñas. Representa a maior parte das unidades da frota pesqueira galega e implica a un maior número de empregos directos no sector (mariñeiro - pescador). Por iso, de vello é unha actividade económica chave nas comunidades costeiras, garante da fixación poboacional na beiramar galega. É necesario que a pesca artesanal (incluíndo o marisqueo) dispoña dun tratamento diferencial respecto a outros sistemas produtivos -como a pesca industrial- nos distintos aspectos das políticas pesqueiras, xa sexa no marco nacional, estatal e europeo. No contexto actual, a evolución dos sectores primarios a escala revélanse como modelos de explotación garantes da tripla sustentabilidade que podan permitir o desenvolvemento socioeconómico das poboacións litorais. Asemade, desde un punto de vista cultural, o mundo do mar é depositario dun valioso patrimonio (material e inmaterial), amais de ser xerador de boa parte da nosa cultura e lingua.

Daquela cómpre deseñar e implementar unha estratexia centrada en políticas de apoio e promoción do seu desenvolvemento (en clave técnica, científica e de “estratexia económica”) que conduza á revitalización e reforzamento do conxunto do sector. Isto debe ir unido, loxicamente, coa recuperación dos ecosistemas mariños na que a implicación e a co-responsabilidade dos profesionais na xestión será determinante para o seu propio éxito.

**REXEITADA: desenvolve demasiado o punto. Para o grupo de traballo ou conferencia pertinente.**

## **EMENDA Nº 164 VIVA 07 REDONDELA**

### **Linha 345 Engádega**

**Descrición:** Promoción e potenciación da economía social e solidaria como elemento estratéxico na transformación social, política e económica de Galiza

**Texto:** Políticas de promoción e potenciación da Economía Social e Solidaria entendida como alternativa ao sistema de prioridades no que se fundamenta o actual sistema económico: máximo beneficio ao menor custe. A Economía Social e Solidaria é unha alternativa real que reivindicamos a economía como un medio para alcanzar o desenvolvemento persoal e comunitario. A promoción desta economía resulta nunha proposta transformadora xa que antepón o ben común sobre o beneficio e lucro particular.

Anova Irmandade Nacionalista é partícipe dos principios da carta de principios da economía social da Rede de Economía Social e Solidaria (REAS)

1. Principio de equidade:

A equidade é un valor que reconece a todas as persoas como suxeitos de igual dignidade e protexe o seu dereito a non estaren sometidas a relacións baseadas na dominación.

2. Principio do traballo

Consideramos que o traballo é un elemento clave na calidade de vida das persoas, da comunidade e das relacións económicas entre cidadanía, os pobos e os estados. É necesario recuperar a dimensión humana, social, política, económica e cultural do traballo que permita o desenvolvemento das capacidades das persoas, producindo bens e servizos, para satisfaceren as verdadeiras necesidades da poboación.

3. Principio de sostibilidade ambiental

Consideramos que toda actividade produtiva e económica está relacionada coa natureza polo que os criterios de sostibilidade ambiental deben formar parte de dita actividade.

#### 4. Principio de cooperación

Consideramos que a cooperación debe de desterrar a competencia dentro e fóra das entidades da economía social, procurando a colaboración e a cooperación. A construción dunha sociedade xusta debe de basearse neste principio que non só engloba ao ámbito local e nacional, senón que no actual modelo económico resulta imprescindible considerar a cooperación en termos internacionais.

#### 5. Principio do non lucro

O lucro é causa de desigualdade social e dominación. A acción económica sen fins lucrativos está intimamente ligada á medición de balances de resultados que teñen en conta non só aspectos económicos, senón humanos, sociais, medio ambientais, culturais e participativos, cuxo resultado final é o beneficio integral.

#### 6.- Principio de compromiso coa contorna

As entidades da economía social e solidaria teñen unha responsabilidade inmediata co desenvolvemento local sostible e comunitario en consonancia coa máxima de pensa globalmente actúa localmente.

**REXEITADA: para conferencia**

### **EMENDA Nº 167 VIVA MEILAN SERRANO**

#### **Liña 348. Engádega**

##### Enmenda 1

Anova considera que o relacionamento cos países de lingua oficial portuguesa é estratéxico para o pobo galego. Fomentará tanto a participación de todas as institucións, das locais ás nacionais, en foros lusófonos de todo o tipo, así como a organización na Galiza de eventos con presenza de entidades e persoas de territorios que teñan o portugués como lingua oficial.

##### Enmenda 2

Anova apoiará calquera iniciativa a favor da racionalización horaria, por razóns de saúde, de aproveitamento enerxético e de homologación horaria co noso ámbito xeográfico-cultural.

##### Enmenda 3

Anova pensa que o acceso a fondos públicos por parte das empresas con sede na Galiza deberá estar condicionado pola co-utilización ou utilización exclusiva da lingua galega en calquera das suas ortografías, no seu ámbito interno e externo.

**REXEITADA: son desenvolvemento programático para unha conferencia.**

### **EMENDA Nº 168 VIVA CLAUDIO QUITILLÁN**

#### **Ringleira 348. Engádega.**

Para o desenvolvemento socio-económico do País, necesitamos contar cunha planificación da formación profesional, da universidade, dirixida a atender as demandas reais, e non xenerar titulacións carentes de saída. Para elo, é necesaria unha actualización do mapa formativo visualizando todas as potencialidades e iniciativas que marquen o ritmo desexable.

**REXEITADA**

### **EMENDA Nº 180 VIVA TEO**

#### **EMENDA Á TOTALIDADE DA TESE POLÍTICA**

##### **1. A crise dos violentos anos dez.**

Pola nosa dobre condición periférica tanto no marco estatal como europeo, a crise cae sobre nos con máis severidade. A nosa situación subalterna como nación cataliza e agrava esta situación. Nestes momentos é o sistema e o modelo de acumulación e explotación o que está en cuestión, modelo que se mostra impermeable á posibilidade de emendar os seus aspectos menos amables.

A crise vai máis alá dunha xestión máis ou menos acertada dos gobernos. Iso non quere dicir que non sexan responsables ou non contribúan, coas súas privatizacións e a súa obediencia de mandados dos mandados, a agravar a precaria vida de millóns de familias no noso país, no conxunto do Estado e no marco europeo. Pero a crise é sobre todo unha ofensiva violenta do Capital contra o Traballo para recuperar as conquistas que a milleiros de homes e mulleres lle ocuparon máis de século e medio de loitas. Non abonda, pois, con mudar os gobernos; cómpre mudar réxime e sistema.

Esta ofensiva prodúcese cando é maior a fragmentación do suxeito social que vive de vender a súa forza de traballo, coa súa consecante perda de conciencia e de identidade colectiva. As medidas que se adoptan son unha especie de solución final, de aí que falemos dun fascismo 2.0 como mecanismo de resolución violenta das contradicións sociais. Esta ofensiva radical proxecta unha sociedade dividida en dous estratos: unha minoría selecta de posuidores e unha inmensa maioría de excluídos; ao fondo, un nutrido exército de reserva, a multitude de desempregados, que garanta a competencia, sanguenta se for preciso, entre os precarios e os desposuídos e que ao mesmo tempo permita rebaixar ata a indignidade os salarios e as condicións de traballo. Para iso executan políticas de destrución, fortifican a propiedade privada e desmantelan ata a disolución todo o que poida quedar de propiedade pública e bens sociais. A crise é unha manifestación extraordinariamente violenta da loita de clases na que a dependencia nacional de Galicia é un peso acumulado que agudiza aínda máis as contradicións.

A ofensiva non pode quedar sen resposta. Mais a contestación social maniféstase maioritariamente á marxe das organizacións políticas clásicas, que son vistas como corresponsables da desfeita por acción ou por omisión. A desafección respecto á representación medra. E non porque haxa rexeitamento da política, como interesadamente afirman algúns; ao contrario, esíxese participación política, impúgnase a falta de control democrático dos diferentes ámbitos de decisión, practícase democracia directa, sen mediacións, sen renuncia á capacidade colectiva de intervir no común, esixindo a devolución (ou explorando a conquista) desa capacidade política expropiada.

O movemento social, herdeiro do Pobo de Seattle e dos movementos altermundo, é profundamente político. Movementos coma o dos *indignados*, desprezados e mesmo atacados por certos sectores da esquerda clásica e institucional, son expresión dunha oposición radical ao réxime de representación política (*Non nos representades!*) e ás bases económicas e financeiras do sistema.

## **2. A nación dos galegos e das galegas**

A condición dependente de Galicia agudiza as consecuencias da crise. Ao mesmo tempo, o proxecto patriótico español reármase, e xa sabemos que o seu éxito pasa pola negación e a supresión de identidades, linguas e proxectos nacionais diferentes. O vixente marco xurídico-político español, o réxime da II Restauración Borbónica, nega explicitamente o Pobo Galego ao concibir só o Pobo Español como suxeito de soberanía. Tamén o nega, por certo, o Presidente da Xunta de Galicia, nun esperable exercicio de servilismo absoluto. Para nós, a constitución do Pobo Galego como suxeito político soberano é un obxectivo político irrenunciable.

A ofensiva do proxecto patriótico español tamén apunta á nosa posesión máis íntima e máis social: a lingua. Este é un asunto de tal magnitude que merece un tratamento específico e un debate demorado, profundo e aberto no seo de Anova para deseñar as liñas de novos procesos de normalización. Porque é necesario un novo discurso normalizador de base, un discurso que se afine na base material dos procesos de substitución lingüística, nas resistencias e na conquista de dereitos, e deixe no segundo plano aquelas explicacións idealistas -no sentido de non materialistas- ou de psicoloxía social que no mellor dos casos non son suficientes para explicar a realidade. Por poñermos un exemplo, o recurso ao autoodio como explicación universal dos nosos

males non pode seguir a ser o centro do noso discurso sobre a lingua. As cousas ocorren por razóns diferentes. A nova cultura política que representa Anova e a súa relación cos movementos sociais debe obrigarnos a evitar a identificación da lingua con certas opcións nacionalistas. A lingua é de todos e de todas. Todos e todas somos propietarios da lingua de Galicia, somos usuarios, mesmo aquelas persoas que non a usan habitualmente. Porque a lingua está viva ao noso redor. É un compromiso insubornable. Somos nacionalistas na medida en que cremos que o Pobo Galego é suxeito político, que a súa capacidade de decisión é a única garantía de supervivencia e desenvolvemento, que só el pode garantir un futuro de máis de mil primaveras para a cidadanía galega. Concibimos o Pobo Galego como unha expresión organizada das clases subalternas. Tamén somos nacionalistas porque facemos nosa unha tradición política e cultural extraordinariamente plural, á que non temos por que renunciar. O noso nacionalismo non é monolítico. Da mesma maneira que Anova incorpora toda unha diversidade de tradicións de esquerda, así o nacionalismo que defina a esta organización terá que incorporar diversidade de tradicións e experiencias nacionalistas e terá que abrirse a novas formas de observar o feito nacional e de actuar no marco que proporciona. En calquera caso, a clave é sempre o compromiso de facer que o Pobo Galego se constitúa como suxeito de emancipación. O recoñecemento do Pobo Galego como suxeito político en plenitude de dereitos, incluído, obviamente, o dereito non restrinxido a decidir, é o principal sinal de identidade do noso nacionalismo. A única fronteira que estamos dispostos a non romper. Hoxe sería absurdo concibir o nacionalismo coma un couto pechado, coma unha ideoloxía que ofrece unha cosmovisión inalterable, coma unha fe que profesar, unha igrexa na que alguén decide quen pode pertencer a ela e quen merece a excomunión. Concibilo neses termos implicaría tomar distancia da realidade social na que vivimos. Porque nese complexo escenario son as relacións materiais entre os diferentes suxeitos as que determinan as necesidades. E a conciencia das necesidades é a que activa a acción política das multitudes. Así o estamos vendo nestes tempos. É a base material das nosas existencia a que nos condiciona. Nese sentido, o labor que o nacionalismo galego organizado arredor de Anova ten por diante é tan complexo como interesante: difundir a idea de que a mellor opción para mellorar as nosas condicións de vida pasa por facérmonos

protagonistas e responsables das nosas cousas. A soberanía, nese sentido, entendida como a capacidade de decisión do Pobo Galego articulado como suxeito político é un medio, non un fin en si mesma. Autodeterminación camiño da independencia, din os textos de Anova.

### **3. Unha fronte de esquerda. AGE, a concentración parcelaria das enerxías**

Sempre teremos unha visión galega das cousas, e sempre será Galicia o noso marco de referencia. Pero estamos no mundo e impugnamos o sistema e as súas bases, así que somos parte dun movemento mundial antisistémico. Unha nova Internacional, que está por crear e é urxente organizar. Somos nacionalistas e polo tanto, somos internacionalistas.

A irrupción de AGE crebou para sempre a foto fixa na que sobrevivía o nacionalismo galego. Xa nada volverá ser como foi. Crebáronse fronteiras e creáronse novos espazos de representación cidadán. Acumuláronse forzas provenientes de tradicións políticas distintas, moitas veces enfrontadas, que entenderon as esixencias deste tempo e a situación de gravidade excepcional que estamos a vivir. Porque para que a soberanía sexa algo máis ca unha palabra fetiche cómpre conquistar hexemonía, e iso só o pode facer un suxeito colectivo representativo da maioría social agredida, para o cal non pode ser requisito que todos os individuos se adscriban a unha cultura política de tradición nacionalista.

Anova non renuncia a nada. Nin no nacional nin no social. Pero non por iso debe Anova non renuncia a nada. Nin no nacional nin no social. Pero non por iso debe supeditar as súas decisións políticas a vellos nominalismos. Cumprirá darlles prioridade aos contidos, e nas alianzas terá que estar a coincidencia de obxectivos antes, moito antes, ca o feito de que unhas forzas se declararen ou non nacionalistas. E non admitiremos exercicios de desviación semántica. Non é relevante que

certas personalidades nos consideren pretensamente nacionalistas; só importa como nos considera a cidadanía do común, de quen aspiramos a ser instrumento. Daquela, tampouco temos por que darlles explicacións a outras forzas sobre o uso da nosa soberanía como organización. Elixir en cada momento os pasos que damos, incluídas as nosas alianzas, velaí a maior demostración posible de autoorganización.

Diante de tácticas alleas que pretenden reinstaurar un discurso único sobre a nación, a lingua, a cultura e ao mesmo tempo, excitar contradicións en Anova, que conduzan á ruptura de AGE compre actuar con intelixencia.

O proceso electoral confirmou o acerto na construción dunha Fronte Ampla de esquerda e defensora do dereito de autodeterminación. Porque é necesaria a acumulación de forzas de esquerda para deter esta ofensiva terminal do capitalismo, sobre a maioría social agredida cuxa composición é tal vez : todos aqueles que vendemos a nosa forza de traballo, sexa cal sexa a modalidade (asalariados, autónomos, desempregados, traballadores e traballadoras do fogar, mesmo propietarios de pequenos negocios que venden a súa forza de traballo ó capital financeiro, etc.). A inmensa maioría da sociedade enfrontada a unha inmensa minoría que vive de explotar a nosa forza de traballo. A necesidade dunha resposta urxente esixe organizacións amplas para a conquista de hexemonía. Hoxe cómpre darlles prioridade aos programas de acción por riba das diferenzas lexítimas na tradición política de cada grupo. Aquí e hoxe cómpre crear espazos de participación e decisión política para esa maioría social agredida obxecto da peor das violencias por parte do poder político e económico. Xa non é tempo de vellos paradigmas adecuados ás vellas condicións produtivas, cando a política era unha mediación entre a cidadanía e o estado. Aquí a cidadanía do común, excluída da política, esixe abolir mediacións e xa non reconece outra lexitimidade ca a da súa propia autoorganización. E esa non se produce solidificando ata o paroxismo vellas fronteiras entre esquerda, nacionalistas e non nacionalistas. Sempre que haxa coincidencia de obxectivos, de proxectos, é imprescindible a unidade sen exclusións. Na esquerda e na nosa capacidade de decidir en liberdade como pobo, arredor de obxectivos comúns.

Por esas razóns, entendemos que é imprescindible proseguir pola ruta de facer sólida e expansiva a nova cultura de Fronte Ampla que hoxe recibe o nome de Alternativa Galega de Esquerda. A alianza con Esquerda Unida fundamentalmente, e con Equo e mais o Espazo Ecosocialista, debería seguir profundizando na experiencia unitaria e estar aberta a novas incorporacións. A cuestión non é ter que escoller. A cuestión é saber e acreditar que baixo estes principios de acción moitos homes e mulleres organizados noutras ferramentas políticas teñen un sitio para traballar. Crebar esa alianza, non profundizar nela, implicaría inxectar frustración a moreas non só entre os douscentos mil votantes de AGE, senón entre aqueles sectores que progresivamente se van incorporando a esta experiencia. Abandonar o camiño iniciado non só defraudaría expectativas dos sectores populares máis concienciados, senón que significaría de facto asumir que todo o feito ata hoxe foi un erro.

Por suposto, a construción desta Fronte Ampla que hoxe se chama AGE debe ser dinámica e estar aberta a novas incorporacións, promovelas, forzalas. Pero é crucial termos en conta dúas cuestións fundamentais. A primeira, a necesidade de construírmos unha Anova robusta que responda con fidelidade aos tres eixos que a fan diferente e imprescindible: unha organización asemblearia e aberta, democrática; un partido-movemento destinado a ser nada máis instrumento en mans dunha cidadanía republicana constituínte; unha nova cultura nacionalista e de esquerda, que incorpore diferentes tradicións e poña o cerebro colectivo a funcionar na procura das análises, propostas e

prácticas políticas máis audaces, innovadoras e radicais. A segunda cuestión que deberemos ter en conta é a necesidade de que Anova e AGE asuman o protagonismo que lles corresponde e leven sempre a iniciativa en cada un dos pasos que cumpra dar en procesos de acumulación de forzas, de unidade e de ampliación de alianzas. Que nin AGE nin Anova caian no erro de aceptar e asumir a axenda (interesada) que vaian marcando outras organizacións.

O tempo que nos toca vivir, escuro coma poucos, esixe que as nosas alianzas preferentes busquen espazo sempre pola esquerda. A unidade do nacionalismo, que tras as eleccións se converteu en palabra de orde destinada a crebar a unidade de AGE, sería, en todo caso, un chanzo nese proceso de acumulación de forzas pola esquerda. Nunca pode ser un fin en si mesma.

A tarefa que ten Anova por diante, é tan intensa como fascinante e agardamos, determinante para o futuro do Pobo Galego como suxeito político e das clases subalternas que o compoñen.

**Rexeitada. Como é lóxico nunha emenda á totalidade está recollida en boa medida no texto emendado.**

## **VIVAS CRISTINA AMOR**

### **Propón introducir estes textos**

Para sermos suxeitos dunha democracia viva, directa e participativa, actores comprometidos nos asuntos da res publica, traballadores/as en rede plural e diversa das organizacións e movementos que laboran en toda a parte por un mundo e unha sociedade máis xustos e mellores, galegos e galegas que queremos vivir nunha Terra definitivamente libre, soberana, próspera e en paz.

A cidadanía do comun, o pobo activo, xa non se conforma'' con ser representada e con que a suá pulsión política sexa interpretada, esixe as suás propias formas de representación, o seu ámbito de participación política, as suás propias institucións. Os vellos modelos organizativos son hoxe ineficaces para a emancipación social e identitaria. Así o percibe o suxeito colectivo: a crise de desafección, expresada de formas moi diversas, afecta a todas as organizacións políticas institucionais, que son vistas como simples aparellos de reprodución. Esta crise do vello modelo organizativo e as formas de expresión política dun suxeito colectivo en recomposición, que quere intervir sen mediación na esfera pública, esixen un novo modelo organizativo. Chamém oslle partido-movemento, un novo instrumento de intervención social e política para conquistar hexemonía.

Compre construír unha organización operativa que invirta a direccionalidade na toma de decisións, apostando por facelo de abaixo a arriba. Anova albisca no horizonte democracia absoluta, e nesa democracia absoluta todo o poder é das asembleas.